


FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

Naceu en Lourenzá, Lugo, en Xaneiro de 1913.

Francisco Fernández del Riego, naceu en Lourenzá, Lugo, en Xaneiro de 1913. Fixo os seus primeiros estudos na súa vila natal i en Monforte. En Santiago fai Dereito e Filosofía e dirixe a revista *Universitarios*. Unha vez rematados seus estudos dedicou-se á docencia, compaxinándoa cunha intensa actividade periodística e política. Colaborou nas revistas *Nós* e *Alento* e dirixiu os seminarios *A Nosa Terra* e *Ser*. Tivo un papel resaltábel dentro do Partido Galeguista no periodo da República. En 1939 fixou a súa morada en Vigo, coincidindo con Paz Andrade, Carlos Maside, Enrique Peinador e outros. En 1950 colaborou na fundación da editorial *Galaxia*. En 1960 foi elixido membro numerario da Real Academia Galega. É co-director da revista *Grial*. A súa obra está case toda dedicada a Galicia e podemos destacar “*Danzas populares galegas*”, “*Historia da literatura galega*”, “*Galicia no espello*”, “*Escolma de poesía galega. Os contemporáneos*”, “*Letras do noso tempo*”, “*Poesía galega. Do dezanove aos continuadores*”, “*Pensamento galeguista do Século XX*”, “*Diccionario de escritores en lingua galega*”, “*Álvaro Cunqueiro e o seu mundo*”, “*Blanco Amor. Emigrante e autodidacta*”,...

Portada da Revista NÓS





O PASADO E A NOVEDADE NO NOSO PAÍS

Francisco Fernández del Riego

Nestora, como na época máis reintegradora protagonizada polos homes da "Xeneración Nós", sigue vixente o principio que animou a estes: a idea de defender a cultura propia, verdadeiro produto da nosa alma orixinal. As posibilidades de Galicia realizaranse cando saibamos fundir en peculiar e fecunda unidade a singularidade máis íntima do noso ser e a singularidade máis viva da historia universal. Porque só así acadaremos ser homes galegos. A regaleguización de Galicia só se producirá polo camiño do mergullamento nas esencias tradicionais, e polo avincallamento ao mundo europeo.

Galicia está a vivir nestora momentos xestadores, nos que se loita por atopar o seu camiño e por lle dar axeitada expresión actual ao seu espírito. A actividade cultural remozza, día a día, a produción na lingua propia. Neste empeño comprender o conto e a revisión do pasado, co dobre obxecto de precisar valores e de que se manteña o fio da vella tradición. Claro está que esta tradición non serve de pauta no proceder de hoxe, se non de raizame e de testemuño. A personalidade galega fúndase, xa que logo, en diversos factores. Pero entre elas ten

que se contar coas forzas tradicionais. Porque o actual só, desvencellado, nen acada coesión nen edifica no ser histórico.

Si repasamos o decorrer das letras galegas a través dos tempos, podemos percibir que, en xeral, non andou a se mergullar nun puro afán localista. Nos puntos cumiantes da súa historia, sen renunciar ao propio, abriulle as portas ás correntes foráneas. Parándonos a considerar o proceso restaurador desde o S. XIX ata agora, pódese apreciar nos escritores

Parándonos a considerar o proceso restaurador desde o século XIX ata agora, pódese apreciar nos escritores das diversas promocións que se sucederon, dous compoñentes esenciais: o da fidelidade á tradición autóctona e o dunha vocación universalista.

A idea de tradición perfiase como a transmisión dun patrimonio que constitúe a esencia mesma da identidade histórico-cultural do país.

Na personalidade cultural está, certamente, a sustancia dunha tradición como continuidade dun pobo. Pero esa sustancia de tradición diferenciada arrequécese cos ventos anovadores que o decorrer do tempo anda a impulsar na cultura do mundo.

das diversas promocións que se sucederon, dous compoñentes esenciais: o da fidelidade á tradición autóctona, e o dunha vocación universalista.

A idea de tradición perfiase como a transmisión dun patrimonio que constitúe a esencia mesma da identidade histórico-cultural do país. Pero a tradición debe ser unha superación do pasado. Porque - como dixo Ganivet- nen os pobos nen os homes poden realizar o "miragre de andar cara atrás e volver á infancia". Na personalidade cultural está, certamente, a sustancia dunha tradición como continuidade dun pobo; como identidade do seu ser e da súa potencia histórica. Pero esa sustancia de tradición diferenciada arrequécese cos ventos anovadores que o decorrer do tempo anda a impulsar na cultura do mundo.

A literatura galega falou así, e seguirá a falar, con linguaxe de seu sintonizada coa linguaxe das letras de fóra. Revelouno, de primeiras, a nosa lírica medieval. Na idade media, cando florecía en Galicia unha poesía de fondo raizame popular, produciuse aquí unha clara penetración influenciadora da poesía occitánica. Sabido é que o influxo cultural de Francia condicionou enerxicamente a nosa poesía trovadoresca. Ese



Ramón Otero Pedrayo (1888 - 1976)

influxo arrincou nos días de Carlomagno, cuías proezas tiveron viva impresión no folclore galego-portugués. Os elementos da epopeia carolinxia introducíronse na nosa terra a través dos frades de Cluny. Pola súa banda, os pelegríns que viñan a Compostela polo "Camiño Francés", trouxeron tamén a Galicia os acentos da máis calificada literatura europea de entón.

Despois da longa etapa decadentista, os homes do rexurdimento encetaron a reconquista dos valores propios esquecidos, e da súa singularidade cultural e histórica. Galicia podía e debía orientar

para o futuro a realidade dunha cultura renacida. A terra de Rosalía, de Pondal e de Curros comezou a ofrecer así un ángulo singularizado á reacción estética do mundo. Se non trataba de realizar un labor de rehabilitación cultural e idiomática, baseado nun falso capricho patriótico; senón de lles demostrar aos demais o que somos e o que representamos. Para iso compría, naturalmente, que nos coñecéramos. Dese xeito, superando o momento folclórico inicial, as minorías escolleitas puxéronse a abrir camiños de reencontro co mundo exterior.



Vicente Risco
Debuxo de **Conde Corbal**

Prodúcese, posteriormente, o protagonismo da chamada “Xeración Nós”. Os homes que integraron ao movemento simbolista, familiarizáronse coas correntes

culturais que circulaban por aquel entón alén dos Pirineos. E cando as correntes simbolistas comezaron a esmorecer, xurdiron as tendencias de vanguardia, que tamén atoparon eco entre nós. A nova xeneración que se deseñou polos anos vinte, coñeceu as manifestacións que, co futurismo, o dadaísmo, o ultraísmo e outros ismos andaban a prosperar en Europa. Os escritores mozos sentíronse atraídos polas lecturas de moitos autores de significación diferenciada. Dous poetas, sobre todo, fixéronse eco dos movementos foráneos: Manuel Antonio e Amado Carballo. Os prosistas da mesma xeneración estiveron tamén informados do acontecer anovador, como o rexistraron moitos dos seus traballos.

O modernismo, parcialmente, o simbolismo, o vangardismo e as máis novas correntes repercutiron, pois, nas creacións autóctonas dos escritores galegos contemporáneos. É verdade, por outra banda, que na creación galega hodierna, apenas si deixaron calco tendencias tan importantes como a novela norteamericana de protesta, o neorrealismo italiano, e mesmo a literatura do chamado “Orbe novo”. Pero, de todos xeitos, o relato breve recibiu aquí folgos de novadoso feitío, suministrados polas teorías literarias que imperaron fóra de nós en

Prodúcese o protagonismo da chamada “Xeración Nós”. Os homes que integraron ao movemento simbolista, familiarizáronse coas correntes culturais que circulaban por aquel entón alén dos Pirineos.

O ensaio europeizante, encetado por Risco e Pedrayo nos anos 20-30, tivo unha vizosa continuidade tres ou catro décadas despois.

**Galicia é unha
unidade orixinal
dentro do
conxunto cultural
europeo, e non
mero espello
provinciano das
ideas vixentes
fóra de ela.**

**Compre agardar
con fe o futuro
das nosas letras,
nese reencontro
co propio país e
coas correntes do
mundo. Porque,
por calquera lado
que se mire,
Galicia foi
universal cando
foi enxebremente
galega.**

tempos ben recentes.

Ao marxe da narrativa que amosou froitos reveladores, o ensaio europeizante –encetado por Risco e Pedrayo nos anos vinte-trinta– tivo unha vizosa continuidade de tres ou catro décadas despois. O xénero mantense vivo baixo formas diferentes, e convírtese unha vez máis no gran vehículo das ideas, no intermediario ideal entre a reflexión teórica e as conductas da vida.

Compre agardar con fe o futuro das nosas letras, nese camiño de reencontro co propio país e coas correntes do mundo. Porque, por calquera lado que se mire, Galicia foi universal cando foi enxebremente galega. Os escritores, identificados coa lingua e coa cultura orixinais, teñen que fusionar intimamente o sentimento da terra coa vivenza cultural do tempo que nos toca vivir. Galicia é unha unidade orixinal dentro do conxunto cultural europeo, e non mero espello provinciano das ideas vixentes fóra dela. Por iso ten que vivir creadoramente o seu propio tempo histórico, e expresar culturalmente a súa xenuina personalidade comunal.

Nestora, como na época máis reintegradora protagonizada polos homes da

xeneración “Nós”, sigue vixente o principio que animou a estes: a idea de defender a cultura propia, verdadeiro produto da nosa alma orixinal. As posibilidades de Galicia realizaranse cando saibamos fundir en peculiar e fecunda unidade a singularidade máis íntima do noso ser e a singularidade máis viva da historia universal. Porque só así acadaremos ser “homes galegos”. A regaleguización de Galicia só se producirá polo camiño do mergullamento nas esencias tradicionais, e polo avincallamento ao mundo europeo.

Como fixeron os que foron os nosos mestres, temos que sentir a Galicia como problema, aínda que cos xeitos novos que o tempo nos impón: Problema o seu pasado e o seu porvir, o que foi e o que pode agardar, o sentido da súa historia e o súa realidade presente e latexante de cada hora. Debruzamos sobre a terra natal, co corazón remexido e a alma tensa, temos que escoitar os seus palpitos. Cos ollos abertos e traspasado sentir témonos que adentrar na súa realidade vital para recompoñer a verdadeira biografía do país.

Segundo dixemos nalgunha ocasión, non podemos prescindir da voz dos mestres que nos precederon. Temos que seguir



Retrato de Castelao. Gravado de **Carlos Maside**.
"La ilustración en la Revista «NÓS»"

mantendo viva esa raizame, fonda, nutridora de novos e valiosos froitos. Dos degaros e afáns dos homes que nos marcaron un camiño, decorrendo os de Galicia con fiel andar, estamos a nos alimentar nós –quéirase ou non– en boa parte. Legáronnos ansia de coñecimento e superación, vocación de loita sabida previamente desigual; e os homes de hoxe, ao acadar ese herdo, vimos ser a mellor proba de nobreza dos seus empe-

ños.

E por riba de todo está a lingua, forma necesaria de entendemento. Porque non hai creación sen pensamento, nen pensamento sen palabra. E sendo así, os de onte e os de hoxe, mantemos a mesma afirmación: Só con lingua propia pode térese unha cultura propia, só con cultura propia pódese facer figura no mundo, pois os pobos con cultura emprestada nen siquera pertencen á historia...

**Só con lingua
propia pode térese
unha cultura
propia, só con
cultura propia
pódese facer figura
no mundo, pois os
pobos con cultura
emprestada nen
sequera pertencen
á historia.**

MARCOS VALCÁRCEL LÓPEZ

Naceu en Ourense, en 1958.

Doutor en Xeografía e Historia, especialidade Historia Contemporánea. Actualmente é profesor de Lingua e Literatura de Ensino Medio.

Entre os seus traballos de investigación, adicou maior atención á Historia Política no periodo 1900-1936 e ó estudio do galeguismo, ademais de abordar temas relacionados cos medios de comunicación galegos e coa obra dos escritores ourensáns, vistos desde a dobre perspectiva da historia e a literatura.

Cómpre destacar os seus libros “A prensa en Ourense e a súa provincia. Catalogación e estudio”, Ourense, 1987; a edición e estudio introductorio do volume “Dos años de agitación política (Basilio Álvarez no Parlamento)”. Sada, 1992; “Ramón Otero Pedrayo. Vida, obra e pensamento”, en colaboración con Xosé R. Quintana. Vigo, 1988.

Colabora con regularidade en múltiples medios de comunicación galegos, entre eles “La Voz de Galicia”, “O Correo Galego”, “Faro de Vigo”, e en revistas como “Grial”, “A Trabe

de Ouro”, “Luzes de Galiza” e “A Nosa Terra”.

Actualmente é presidente do Clube Cultural Alexandre Bóveda de Ourense, desde a súa fundación en 1989.

